

Horizontes novos para o libro galego

Nuevos horizontes para el libro gallego

VICTOR F. FREIXANES

No ano 1975, o ano da morte do xeneral Franco, editáronse en Galicia 68 libros en lingua galega. No ano 1980, ano no que se aproba o Estatuto de Autonomía e no que se inaugura un novo tempo na nosa historia social e política, publicáronse 303 títulos, 187 en galego (61,7 %). Un ano antes, en 1979, entrara en vigor o chamado Decreto de Bilingüismo, segundo o cal, por primeira vez na historia, o idioma galego entraba a formar parte, como materia obrigatoria, nos planos de ensino non universitario. Por primeira vez a lingua galega era asignatura obrigada nos currículos escolares, o que significaba a primeira promoción de rapaces e rapazas que accedían a un coñecemento regrado do idioma. Aquí é onde debemos datar o principio da existencia dunha realidade editorial de mercado para a edición en galego, potenciado sen dúbida por este feito. Como en calquera sociedade normalizada, a lingua de seu, código simbólico de representación do mundo, expresión da nosa identidade cultural, lingua vehicular e de comunicación da inmensa maioría da nosa poboación, recibía un tratamento oficial, ou cooficial, á par do castelán, a lingua común do Estado.

No ano 2006 editáronse 2.879 libros en Galicia, 1.805 en galego. Falamos neste caso de rexistros de ISBN, a matrícula internacional do libro, referencia que se utiliza para o seguimento da produción editorial en todas as linguas do mundo. Quere isto dicir que cada día, ao longo do ano, saen dos prelos dos nosos obradoiros editoriais (públicos e privados) por volta de cinco títulos en galego. Cinco títulos diarios! Unha realidade impensable hai tres décadas. Na Asociación Galega de Editores, creada en 1983, hai na actualidade 45 empresas privadas, todas elas activas no mercado. Esta é a nosa realidade, cunha facturación anual (empresa privada) que anda arredor dos 28 millóns de euros.

Segundo cifras oficiais da AGE, é a partir da segunda metade dos anos 80 cando se inicia a primeira fase expansiva da produción,

En el año 1975, el año de la muerte del general Franco, se editaron en Galicia 68 libros en lengua gallega. En el año 1980, año en el que se aprueba el Estatuto de Autonomía y en el que se inaugura un nuevo tiempo en nuestra historia social y política, se publican 303 títulos, 187 en gallego (61,7 %). Un año antes, en 1979, había entrado en vigor el llamado Decreto de Bilingüismo, según el cual, por primera vez en la historia, el idioma gallego entraba a formar parte, como materia obrigatoria, en los planos de enseñanza no universitaria. Por primera vez la lengua gallega era asignatura obrigatoria en los currículos escolares, lo que significaba la primera promoción de jóvenes que accedían a un conocimiento regrado del idioma. Aquí es donde debemos datar el principio de la existencia de una realidad editorial de mercado para la edición en gallego, potenciado sin duda por este hecho. Como en cualquier sociedad normalizada, la lengua propia, código simbólico de representación del mundo, expresión de nuestra identidad cultural, lengua vehicular y de comunicación de la inmensa mayoría de nuestra población, recibía un tratamiento oficial, o cooficial, a la par del castellano, la lengua común del Estado.

En el año 2006 se editaron 2.879 libros en Galicia, 1.805 en gallego. Hablamos en este caso de registros de ISBN, la matrícula internacional del libro, referencia que se utiliza para el seguimiento de la producción editorial en todas las lenguas del mundo. Quiere esto decir que cada día, a lo largo del año, salen de las imprentas de nuestra industria editorial (públicas y privadas) alrededor de cinco títulos en gallego. ¡Cinco títulos diarios! Una realidad impensable hace tres décadas. En la Asociación Galega de Editores, creada en 1983, hay en la actualidade 45 empresas privadas, todas ellas activas en el mercado. Esta es nuestra realidad, con una facturación anual (empresa privada) que ronda los 28 millones de euros.

Según cifras oficiales de la AGE, es a partir de la segunda mitad de los años 80 cuando se inicia la primera fase expansiva de pro-



que se confirma e amplía na década seguinte. Entre 1986 e 1990 o número de libros editados anualmente acrecentouse nun 63%. Globalmente, sempre segundo a devandita fonte, entre 1991 e 2006 a edición de libros en lingua galega medrou nun 202 %. Entre os anos 1999 e 2006 editáronse preto de 10.499 títulos en galego. Na actualidade, a oferta histórica da edición en lingua galega, atendendo aos rexistros de ISBN, ascende a máis de 27.000 títulos.

Esta é a realidade, repito. O que durante tanto tempo foi acción testemuñal ou de militancia, produto do esforzo xeneroso (tamén político) dos sectores máis activos do galeguismo, hoxe é un produto de mercado, que compite coas outras ofertas da edición, en castelán principalmente, e que inaugura unha nova xeira na nosa historia. No mapa simbólico das industrias da cultura, das que o libro galego forma parte, a edición constitúe un compoñente activo de extraordinaria importancia, quizais non en termos cuantitativos (dado que estamos a falar dunha poboación de pouco máis de 2.700.000 persoas), non caracterizada precisamente polos seus elevados hábitos de lectura, mais si cualitativa e de alto valor estratéxico.

O editor Manuel Bragado ten dito en máis dunha ocasión que o libro é o pan da cultura. Noutras palabras, o libro constitúe un dos soportes básicos, fundamentais, na construción e na difusión organizada do pensamento, a información de base e o coñecemento. Tamén na construción dos símbolos e as referencias da identidade colectiva. O discurso da cultura galega afirmase historicamente no libro, e as novas industrias da produción cultural afondan nesa mesma liña.

Desde os primeiros manuscritos medievais correu moita historia polo río do tempo, como lle gustaría dicir a Francisco Fernández del Riego, un dos nosos grandes editores contemporáneos. Se reconstruímos o discurso do noso acontecer histórico,

ducción, que se confirma y amplía en la década siguiente. Entre 1986 y 1990 el número de libros editados anualmente se acrecentó en un 63%. Globalmente, siempre según dicha fuente, entre 1991 y 2006 la edición de libros en lengua gallega creció en un 202 %. Entre los años 1999 y 2006 se editaron cerca de 10.499 títulos en gallego. En la actualidad, la oferta histórica da edición en lengua gallega, atendiendo a los registros de ISBN, asciende a más de 27.000 títulos.

Esta es la realidad, repito. Lo que durante tanto tiempo fue acción testimonial o de militancia, producto del esfuerzo generoso (también político) de los sectores más activos del galleguismo, hoy es un producto de mercado, que compite con las otras ofertas de la edición, en castellano principalmente, y que inaugura una nueva era en nuestra historia. En el mapa simbólico de las industrias de la cultura, de las que el libro gallego forma parte, la edición constituye un componente activo de extraordinaria importancia, quizá no en términos cuantitativos (dado que estamos hablando de una población de poco más de 2.700.000 personas), no caracterizada precisamente por sus elevados hábitos de lectura, pero si cualitativa y de alto valor estratégico.

El editor Manuel Bragado dijo en más de una ocasión que el libro es el pan de la cultura. En otras palabras, el libro constituye uno de los soportes básicos, fundamentales, en la construcción y en la difusión organizada del pensamiento, la información de base y el conocimiento. También en la construcción de los símbolos y las referencias de la identidad colectiva. El discurso de la cultura gallega se afirma históricamente en el libro, y las nuevas industrias de la producción cultural ahondan en esa misma línea.

Desde los primeros manuscritos medievales corrió mucha historia por el río del tiempo, como le gustaría decir a Francisco Fernández del Riego, uno de nuestros grandes editores contemporáneos. Si reconstruimos el discurso de nuestro acontecer histórico,

o libro (mesmo a ausencia de libros) sírvenos de referencia do que somos, do que non podemos ser e do que podemos ser. Libros nos obradoiros medievais, pacientemente redactados ou copiados nos escritorios das abadías. Ramón Cabanillas descríbeme moi ben no seu poemario dedicado ao mosteiro de Samos (1958), recreando o traballo dos copistas:

*...miniar un santo libro é semear un agro,
estandendo o plantío dun arbore sempre verde
de froito que nin cae nin se mirra nin perde...*

O cálamo do copista, liña a liña, avanza coma a rella do arado na terra, abrindo o sulco, deitando nel a semente, para que se produza e froitifique. Tal é a imaxe que segue estando viva: a sementeira do coñecemento, da memoria compartida, o pulso da nación que continúa... Eis a significación do libro. Nos momentos de esplendor, que poucos houbo, o libro medra e se manifesta, como se manifesta e medra a creación, o coñecemento e a palabra viva. Nos momentos de devalo, o libro estíña.

A primeira colección ou proxecto editorial que podemos considerar como tal na historia da edición galega prodúcese en 1885: a Biblioteca Gallega, que pon en marcha o arquivero Andrés Martínez Salazar en colaboración, nos primeiros momentos, co editor Juan Fernández Latorre, fundador de *La Voz de Galicia* uns anos antes (1882), aínda que logo a continuaría el só. A Biblioteca Gallega, recuperada por *La Voz de Galicia* a partir do ano 1975, constitúe o primeiro discurso editorial coherente, planificado, representativo do espírito do Rexurdimento. No seu catálogo figuran os grandes daquela época: Manuel Murguía, Curros Enríquez, Eduardo Pondal... Bastantes décadas despois xurdiron outros: Céltiga (1922-1923) e Lar (1924-1928), inspirados polas iniciativas das Irmandades da Fala, que se crean na Coruña en 1916. Na segunda iniciara as súas actividades quen logo sería o grande editor da Segunda República, na órbita do Partido Galeguista, Ánxel Casal (1895-1936), fundador da Editorial Nós (1927-1936). Aquí publican os principais autores do momento, os máis novos e os máis vellos: Otero Pedrayo, Castelao, Vicente Risco, os irmáns Villar Ponte, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Amado Carballo, Bouza Brey, Carballo Calero..., incluída a revista homónima, que marcou a toda unha xeración, producións colectivas como *Terra de Melide* e os documentos do Seminario de Estudos Galegos (creado en 1923), ou os *Poemas Galegos* de Federico García Lorca, un dos derradeiros títulos publicados por Casal antes do seu asasinato nos arredores de Cacheiras, nos días terribles do levantamento militar en 1936.

“No ano 2006 editáronse 2.879 libros en Galicia, 1.805 en galego. Quere dicir que saen do prelo cinco títulos diarios en galego”

el libro (incluso la ausencia de libros) nos sirve de referencia de lo que somos, de lo que no pudimos ser y de lo que podemos ser. Libros en los obradores medievales, pacientemente redactados o copiados en los escritorios de las abadías. Ramón Cabanillas lo describe muy bien en su poemario dedicado al Monasterio de Samos (1958), recreando el trabajo de los copistas:

*...miniar un santo libro é semear un agro,
estandendo o plantío dun arbore sempre verde
de froito que nin cae nin se mirra nin perde...*

El cálamo del copista, línea a línea, avanza como la reja del arado en la tierra, abriendo el surco, posando en él la semilla, para que se reproduzca y fructifique. Tal es la imagen que sigue estando viva: la simiente del conocimiento, de la memoria compartida, el pulso de la nación que continúa... Ahí está la significación del libro. En los momentos de esplendor, que pocos hubo, el libro crece y se manifiesta, como se manifiesta y crece la creación, el conocimiento y la palabra viva. En los malos momentos, el libro se resiente.

La primera colección o proxecto editorial que podemos considerar como tal en la historia de la edición gallega se produce en 1885: la Biblioteca Gallega, que pone en marcha el archivero Andrés Martínez Salazar en colaboración, en los primeros momentos, con el editor Juan Fernández Latorre, fundador de *La Voz de Galicia* unos años antes (1882), aunque luego la continuaría él sólo. La Biblioteca Gallega, recuperada por *La Voz de Galicia* a partir del año 1975, constituye el primer discurso editorial coherente, planificado, representativo del espíritu del *Rexurdimento*. En su catálogo figuran los grandes de aquella época: Manuel Murguía, Curros Enríquez, Eduardo Pondal... Bastantes décadas después surgieron otros: *Céltiga* (1922-1923) y *Lar* (1924-1928), inspirados por las iniciativas de las *Irmandades da fala*, que se crean en La Coruña en 1916. En la segunda había iniciado sus actividades el que luego sería el gran editor de la Segunda República, en la órbita del Partido Galeguista, Ánxel Casal (1895-1936), fundador de la Editorial Nós (1927-1936). Aquí publican los principales autores del momento, los más jóvenes y los veteranos: Otero Pedrayo, Castelao, Vicente Risco, los hermanos Villar Ponte, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Amado Carballo, Bouza Brey, Carballo Calero..., incluida la revista homónima, que marcó a toda una generación, producciones colectivas como *Terra de Melide* y los documentos del *Seminario de Estudos Galegos* (creado en 1923), o los *Poemas Galegos* de Federico García Lorca, uno de los últimos títulos publicados por Casal antes de su asasinato a las afueras de Cacheiras, en los días terribles del levantamiento militar en 1936.

“En la actualidad, la oferta histórica de la edición en lengua gallega asciende a más de 27.000 títulos”

Ánxel Casal foi, sen dúbida, o grande editor do que poderíamos denominar Segundo Rexurdimento galego, “tempo de entusiasmo”, en palabras de Rafael Dieste, que frustraría a guerra civil. Ensaio, divulgación, producións didácticas, teatro, narrativa, poesía... Nos aproximadamente dez anos de existencia o seu catálogo acadou a importante cifra de máis de cen títulos, que cómpre situar na súa época.

Luís Seoane continuou o seu labor no exilio de Buenos Aires, onde Castela publicou tamén algunhas das súas obras máis significativas: *Sempre en Galiza* (1945) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950). Con Seoane: Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Eduardo Blanco Amor, Xosé Neira Vilas... O libro galego resiste no exilio a imposibilidade de expresarse na terra. Haberá que agradar aos anos 50 do pasado século para ver xurdir en Galicia novas iniciativas: Benito Soto (1949), da man de Sabino Torres, Cuña Novás e Álvarez Negreira; a editorial Monterrey (1949), impulsada por Xosé María Álvarez Blázquez e Luís Viñas Cortegoso; Bibliófilos Gallegos (1949), con Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, e moi especialmente a Editorial Galaxia (1950), promovida por Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego, coa dirección literaria de Ramón Piñeiro e presidida por Ramón Otero Pedrayo.

O proxecto Galaxia, que se concibiu como algo máis ca unha editorial, plataforma de expresión política do galeguismo no marco de actuación que permitía a ditadura, simboliza sen dúbida o espírito desa época. En 1963 empezan a regresar os primeiros exiliados e créase o Laboratorio de Formas, animador dos proxectos cerámicos e industriais do Castro e de Sargadelos, cun selo editorial específico: *Edicións do Castro*.

Salvador García Bodaño e Carlos García Martínez estudaron a oferta editorial deste período e as características da base social que a sustenta: empresas con declarada vocación de intervención política a prol da reconstrución da identidade do país e comprometidas co uso culto do idioma, era a batalla do pres-


Ánxel Casal fue, sin duda, el gran editor del que podríamos denominar *Segundo Rexurdimento* galego, “tiempo de entusiasmo”, en palabras de Rafael Dieste, que frustraría la guerra civil. Ensayo, divulgación, producciones didácticas, teatro, narrativa, poesía... En los aproximadamente diez años de existencia su catálogo consiguió la importante cifra de más de cien títulos, que hace falta situar en su época.

Luis Seoane continuó su labor en el exilio de Buenos Aires, donde Castela publicó también algunas de sus obras más significativas: *Sempre en Galiza* (1945) y *As cruces de pedra na Galiza* (1950). Con Seoane: Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Eduardo Blanco Amor, Xosé Neira Vilas... El libro gallego resiste en el exilio la imposibilidad de expresarse en la tierra. Habrá que esperar a los años 50 del pasado siglo para ver surgir en Galicia nuevas iniciativas: Benito Soto (1949), de la mano de Sabino Torres, Cuña Novás y Álvarez Negreira; la editorial Monterrey (1949), impulsada por Xosé María Álvarez Blázquez y Luis Viñas Cortegoso; Bibliófilos Gallegos (1949), con Sánchez Cantón y Filgueira Valverde, y muy especialmente la Editorial Galaxia (1950), promovida por Xaime Isla Couto y Francisco Fernández del Riego, con la dirección literaria de Ramón Piñeiro y presidida por Ramón Otero Pedrayo.

El proyecto Galaxia, que se concibió como algo más que una editorial, plataforma de expresión política del galleguismo en el marco de actuación que permitía la dictadura, simboliza sin duda el espíritu de esa época. En 1963 empiezan a regresar los primeros exiliados y

se crea el Laboratorio de Formas, animador de los proyectos cerámicos e industriais de O Castro y de Sargadelos, con un selo editorial específico: *Edicións do Castro*.

Salvador García Bodaño e Carlos García Martínez estudaron la oferta editorial de este período y las características de la base social que la sostenía: empresas con declarada vocación de intervención política a favor de la reconstrucción de la identidad del país e comprometidas con el uso culto del idioma, era la batalla del



tixio, fronte á imaxe rural ou degradada que dende o réxime se pretendía dar á lingua, cunha base lectora minoritaria, pero militante, ideoloxizada, activa. O forte asociacionismo cultural que se desenvolve contra finais dos anos 60 e na década dos 70 é un exemplo dese compromiso entusiasta, no que se implican tamén as novas xeracións, sobre todo estudantes universitarios en Compostela. Se quixésemos identificar as distintas ofertas editoras destes momentos con propostas ou formacións políticas, case todas cadrarían: a editorial Akal vencellada ao Partido Comunista de Galicia, Xistral moi próxima á ANPG e o nacionalismo assembleario de esquerdas, Edicións do Ruego inspirada dende sectores próximos ao Partido Obreiro Galego, etc. Mesmo unha experiencia non vencellada a ningunha opción partidaria, como a que promove en 1964 Xosé María Álvarez Blázquez dende Edicións Castrelos, debemos entenderla nese contexto: o libro debía dar un novo paso, saír dos círculos minoritarios, ampliar a base cara a un público máis amplo, máis aberto, distinto (a colección popular *O Moucho*).

É a partir de 1980, no novo marco das liberdades democráticas e a autonomía política, cando podemos falar por primeira vez dun mercado obxectivo para o libro galego. Daquela aparecen as primeiras iniciativas doutro tipo: Edicións Xerais de Galicia (1979), por exemplo. O libro de texto convértese no principal motor da nova realidade: novos profesionais, novas coleccións, traducións e produción propia para os públicos novos (literatura infantil e xuvenil) que abren novas posibilidades mesmo para a proxección exterior de autores e ilustradores, novos xéneros (policiaco, xornalismo, lecer, traducións de autores clásicos e contemporáneos), manuais universitarios, obras de consulta e de referencia, dicionarios, gramáticas normativas... En 1983 instáurase por primeira vez unha norma ortográfica oficial, confiada á Real Academia Galega, e unha estratexia de apoio á lingua (Lei de Normalización Lingüística) que, mesmo coas súas contradicións e limitacións, configúrase como o guieiro base para un novo tempo. Por primeira vez, os editores e os autores están presentes nas feiras internacionais (Frankfurt, Bolonia, Guadalajara, Buenos Aires), O libro avanza, tal que un termómetro obxectivo, na medida en que avanza o proceso de modernización dun país que non renuncia a si mesmo. Nesas estamos..

Victor F. Freixanes é director xeral da Editorial Galaxia.

prestigio, frente a la imagen rural o degradada que desde el régimen se pretendía dar a la lengua, con una base lectora minoritaria, pero militante, ideoloxizada, activa. El fuerte asociacionismo cultural que se desarrolla a finales de los años 60 y en la década de los 70 es un ejemplo de ese compromiso entusiasta, en el que se implican también las nuevas generaciones, sobre todo estudiantes universitarios en Compostela. Si quisiéramos identificar las distintas ofertas editoras de estos momentos con propuestas o formaciones políticas, casi todas cuadrarían: la editorial Akal vinculada al Partido Comunista de Galicia, *Xistral* muy próxima a la ANPG y el nacionalismo assembleario de izquierdas, *Edicións do Ruego* inspirada desde sectores próximos al *Partido Obreiro Galego*, etc. Incluso una experiencia no vinculada a ninguna opción partidaria, como la que promueve en 1964 Xosé María Álvarez Blázquez desde *Edicións Castrelos*, debemos entenderla en ese contexto: el libro debía dar un nuevo paso, salir de los círculos minoritarios, ampliar la base hacia un público más amplio, más abierto, distinto (la colección popular *O Moucho*).

Es a partir de 1980, en el nuevo marco de las liberdades democráticas y la autonomía política, cuando podemos hablar por primera vez de un mercado objetivo para el libro gallego. Luego aparecen las primeras iniciativas de otro tipo: *Edicións Xerais de Galicia* (1979), como por ejemplo. El libro de texto

se convierte en el principal motor de la nueva realidad: nuevos profesionales, nuevas colecciones, traducciones y producción propia para los públicos jóvenes (literatura infantil y juvenil) que abren nuevas posibilidades incluso para la proyección exterior de autores e ilustradores, nuevos géneros (policiaco, periodismo, ocio, traducciones de autores clásicos y contemporáneos), manuales universitarios, obras de consulta y de referencia, diccionarios, gramáticas normativas... En 1983 se instaura por primera vez una norma ortográfica oficial, confiada a la Real Academia Galega, y una estrategia de apoyo a la lengua (Ley de Normalización Lingüística) que, incluso con sus contradicciones y limitaciones, se configura como la guía base para una nueva época. Por primera vez, los editores y los autores están presentes en las ferias internacionales (Frankfurt, Bolonia, Guadalajara, Buenos Aires). El libro avanza, como un termómetro objetivo, en la medida en que avanza el proceso de modernización de un país que no renuncia a sí mismo. En esas estamos.

Victor F. Freixanes es director general de la Editorial Galaxia.



Cubanas ollando con curiosidade un libro en galego. | Cubanas mirando con curiosidad un libro en gallego.



Galicia, fonte de vida



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

www.sogama.es